

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE SANEAMENTO E REDE DE SUIMIDOIROS:

Artigo 1. Fundamento e réxime.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a taxa polo servizo de saneamento e rede de suimidoiros, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cujas normas atenden ó disposto no artigo 57 do citado Real Decreto.

Artigo 2. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de recepción obrigatoria, dos servizos seguintes :

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la conexión á rede municipal de sumidoiros.

b) A evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais mediante a utilización da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depura-los vertidos anteriores.

A taxa non afecta ós inmobles derruidos, declarados ruinosos ou que teñan condición de terreo.

Artigo 3. - Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen, por calquera clase de título, incluso o de precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo, ben sexa solicitado ou resulten beneficiados ou afectados polo mesmo.

2. Cando os servizos regulados nesta ordenanza sexan solicitados ou recibidos por ocupantes de vivendas e locais distintos dos propietarios dos inmobles os devanditos propietarios terán a condición de substitutos do contribuínte. Os substitutos do contribuínte poderán repercutir as cotas das taxas sobre os beneficiarios.

Artigo 4. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 35.2 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os sindicados, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. – Período Impositivo e Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal ou prestación que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da autorización de conexión á rede de sumidoiros, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva conexión á rede de sumidoiros. O devengo por esta modalidade da taxa producírase con independencia de que se obtivese ou non a autorización de conexión e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobro realizárase con periodicidade semestral.

Para a súa cobranza polo Concello formarase un Padrón no que figurarán os contribuíntes do mesmo.

O pago de dito taxa efectuarase no momento de presentación ó obrigado a realizalo do correspondiente documento cobradorio.

As débedas por esta taxa podrán esixirse polo procedemento administrativo de construximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

3. Os servizos de evacuación de excrementos, augas pluviais, negras ou residuais e os da súa depuración son de carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas onde exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre esta e o predio non pase dos cen metros, e cobrarase a taxa incluso cando os interesados non efectúen a conexión a rede.

Artigo 6.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da autorización de enganche ou conexión coa rede xeral de saneamento por cada vivenda ou local, esixirase unha soa vez e consistirá na cantidade de 130,00 euros sempre que a distancia desde a conexión coa rede xeral ata o límite exterior da propiedade do solicitante non supere os catro metros lineais. Noutro caso engadirase á cuota anterior 3,00 euros por cada metro a maiores.

2. A cota pola prestacións dos servizos da rede de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en m³, utilizada no inmovible. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

a) Abonados de saneamento que tamen o sexan do servizo de abastecemento de auga:

Cuota fixa semestral.....:	2 €/abonado semestre
Consumo.....:	0,07 €/M ³

b) Abonados de saneamento que non o sexan de abastecemento de auga e que esten conectados á rede de sumidoiros:

Cuota fixa semestral.....:	5 €/abonado semestre
----------------------------	----------------------

c) No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se podrá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:

Cuota fixa mensual.....:	3 €/abonado semestre
-Consumo.....:	0,09 €/M ³

Artigo 7º. Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha da taxa regulada na presente ordenanza

Artigo 8º. Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos das taxas no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do terreo e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

2. A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a autorización de conexión á rede.

3. As cotas esixibles pola taxa do servizo de rede de sumidoiros e tratamento e depuración de augas residuais, liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga e conxuntamente con estes.

4. No suposto de autorización de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello ou a encargado do servizo, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

5. As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable causarán efecto con carácter automático no da rede de sumidoiros.

As altas e baixas tramitaranse conxuntamente coa póliza de aboado do servizo de abastecemento de auga potable.

Os usuarios do servizo de auga potable, que carezan de rede de sumidoiros, virán obrigados a solicitar a exclusión do padrón por este concepto, ao tempo que tramitan a alta da auga.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

No tocante á cualificación de infraccións tributarias e ás sancións rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e nas demais normas de aplicación.

Disposición Derogatoria:

Queda derogada a vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola conexión á rede de sumidoiros

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincial, e as tarifas serán de aplicación a partir do día un de xaneiro do 2012 e permanecerá vixente ata a súa derogación.